



Resolución do 4 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE).

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regulou os cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE) a través da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na sección terceira da citada Orde do 12 de maio de 2011 dispónse o procedemento de autorización dos centros para participar nese programa: solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación. Ademais, na disposición derradeira primeira autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde no seu ámbito competencial.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

DISPÓN

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*





Esta resolución ten por obxecto realizar a convocatoria para o curso 2017-2018 de autorización da impartición do Programa de Cursos para a Formación Complementaria en Linguas Estranxeiras do alumnado (CUALE) nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Forma de presentación, lugar e prazo*

1. Os centros que desexen implantar o programa CUALE deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> - no programa correspondente CUALE-. Só se admitirán as solicitudes realizadas a través da aplicación informática.
2. Será a persoa directora quen deberá acceder á aplicación coas súas credenciais. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerarase un documento en formato *pdf* no buzón de informes (Anexo I). Este documento, xunto co Anexo II, será custodiado no centro educativo.
3. A inspección educativa informará a solicitude a través da aplicación: <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.
4. O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> e rematará o día 10 de xuño de 2017.

Artigo 3. *Documentación*

Coa solicitude de participación no programa CUALE deberá engadirse a documentación que se relaciona a continuación no aplicación informática.

1. Certificación da aprobación da solicitude por parte do consello escolar.





2. Título de funcionario ou funcionaria de carreira e acreditación de destino definitivo no centro do profesorado que impartirá a docencia.
3. Certificación da dirección do centro do número de alumnos e alumnas preinscritos en cada modalidade do programa.

Artigo 4. *Avaliación e certificación*

1. O profesorado responsable desta formación realizará as probas ao remate do curso correspondente a cada modalidade.
2. A superación das devanditas probas suporá a expedición por parte do centro de dous tipos de certificación:
 - a) Certificado do nivel básico A1 de competencia no CUALE A1.
 - b) Certificado de aproveitamento do curso preparatorio para as probas de certificación das escolas oficiais de idiomas no resto das modalidades.
3. Para a avaliación positiva do curso será preciso ter unha cualificación igual ou maior de 5, sobre 10, nas probas de aproveitamento.
4. No caso de non ter avaliación positiva no curso, o alumnado poderá inscribirse na mesma modalidade por segunda e última vez.

Artigo 5. *Memoria*

Os centros que estean a participar nas distintas modalidades establecidas nesta resolución deberanlle remitir á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, antes do 30 de xuño, unha memoria final, que tamén se incluírá na memoria final de curso que o centro remite ao Servizo provincial de inspección educativa.





Artigo 6. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado “Relacións administrativas coa cidadanía e entidades” cuxo obxecto é xestionar este procedemento así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a dxefpie@edu.xunta.es.

Artigo 7. *Resolución*

1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a listaxe provisional de centros docentes autorizados para participar no programa CUALE.
2. Abrirase un prazo de reclamacións de 5 días hábiles no que os centros poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas.
3. Transcorrido o prazo de reclamacións, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a listaxe definitiva de centros autorizados para participar no programa CUALE para o curso 2017/2018. Así mesmo, a resolución definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia.
4. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei





39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 04 de maio de 2017.

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

